


A lata buceadora

OBXECTIVO

Construír un submarino empregando o **principio de Arquímedes**. *Este principio explica por que os obxectos flotan ou se afunden nun líquido.*

Principio de Arquímedes: "Todo corpo mergullado total ou parcialmente nun fluído experimenta un empuxe cara arriba igual ao peso do fluído desprazado."



MATERIAIS NECESARIOS

- 1 lata baleira (de refrescos ou similar)
- Lastre (area, porcas, tubo metálico, etc.)
- 1 xiringa
- 1 tubo de plástico
- 1 tapón de caucho
- Auga
- Recipiente grande con auga
- Fonte de calor (opcional, para método alternativo)

PROCEDEMENTO

1. Introducir o lastre dentro da lata ata conseguir que esta flote, pero cunha gran parte mergullada.
2. Realizar un pequeno burato no fondo da lata para permitir a entrada e saída de auga.
3. Conectar un extremo do tubo de plástico á xiringa e o outro extremo ao tapón de caucho.
4. Introducir o tapón de caucho na abertura superior da lata, asegurando que quede ben selado.
5. Colocar a lata dentro do recipiente con auga e fai as probas de funcionamento.

PROBAS DE FUNCIONAMENTO

- **Inundade os tanques (inmersión):** Aspira aire coa xiringa. A presión diminúe, permitindo a entrada de auga polo burato inferior. O peso do bote aumenta, e este afunde.
- **Soltade lastre (emersión):** Preme o émbolo da xiringa para expulsar aire dentro da lata. A auga sae, reducindo o peso do bote, que ascende á superficie.